

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 30 de agosto de 2025 pola que se amplía o prazo de xustificación da Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU232A).

O 24 de febreiro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU232A), en diante resolución de convocatoria.

O artigo 23.1 da resolución de convocatoria refírese ao prazo para presentar a documentación xustificativa, indicando o seguinte:

1. As comunidades de usuarios beneficiarias terán un prazo para presentar a correspondente xustificación ata o 1 de outubro de 2025.

Con posterioridade ao outorgamento das subvencións recibíronse en Augas de Galicia comunicacións de preto da metade das comunidades de usuarios beneficiarias solicitando a ampliación do prazo de xustificación.

Debe terse en conta que o elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro deste procedemento e a súa revisión e análise tiveron como consecuencia que non se puidese ditar a resolución do procedemento no prazo establecido na convocatoria de subvencións. Así mesmo, as actuacións subvencionadas requiren dun tempo de execución que aconsella ampliar o prazo de xustificación da subvención.

O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá da metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

CVE-DOG: stfkn849-2g02-vk11-bg39-23syx6rnyej5



Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se indica que a ampliación poderá acordarse, de oficio ou a instancia de parte, antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación.

A ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU232A)

Modifícase o número 1 do artigo 23 da Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU232A), que queda redactado como segue:

«1. As comunidades de usuarios beneficiarias terán un prazo para presentar a correspondente xustificación ata o 15 de outubro de 2025, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2025

A presidenta de Augas de Galicia
P.D. (Disposición adicional terceira da Resolución do 11.2.2025;
DOG núm. 37, do 24 de febreiro)
Roi Fernández Añón
Director de Augas de Galicia

